

Revisto

20 pesos.

•artigos

- Pág.
1 Chascarraschás
2-3 A Pataqueira
8-9 homosexual
12 Otorrinosensitif
•CAVILACIONS
4-5 Uns hertudantes
• DOCUMENTOS
5-6 Chascarraschás
9 O Carolan

• ALUCINACIONES

7 O Filon

• QEIXUMES

10 Chascarraschás
O Filon

• crónica

11 X. Porto Matalobos

da
• Deportes

13 Xuster

• Publicacions

14-15-16 Uns her-
tudantes



Asociación Cultural
"A Estrada"

•artigos

- Pag
1 Chascarraschás
2-3 A Pataqueira
8-9 homosexual
12 Otorrinosensitif
• CAVILACIONS
4-5 Uns hertudantes
• DOCUMENTOS
5-6 Chascarraschás
9 O Carolan

- ALUCI^N_{ClO₄}_{NS}
7 O Filon
• QEIXUMES
10 Chascarraschás
O Filon
• CRONICA
11 X. Porto Matalobos

•deportes

- 13 Xuster

•Publicacions

- 14-15-16 Uns her-
tudantes



OCOS
de A
Cultura

...PROBLEMAS... DA NOSA LINGUA

- Xa rematadas as xornadas sobre o "Estado da Normalización" lingüística" (em Santiago), celebradas os días 18, 19 e 20 de Abril, podemos tirar algunas conclusións para o avance e posicionamentos da Asociación Cultural, que se viu representada pola Federación de Asociacións Culturais Galegas, convocante, esta última xunto a A.E.L.G., AS-PG, e apoiando AGAL.
- Sublinaron-se nestes encontros o deficiente labor da Dirección xeral de política lingüística, e a sua máxima representante, Paz Lamela. Evidenciou-se novamente que segue a empregar-se maioritariamente no ensino o idioma castellano, escolloendo-se aos/as mestres, non precisamente monolingües, para impartir cursíños, reclamando-se a supresión do actual sistema de imparti-los. Entre os muitos reclamos por parte dos/as ensinantes destacaron:
 - "Galeguización dos contidos, adaptación dos programas actuais e criación das areas oportunas para unha galeguización real dos programas"
 - "Desaparición de todo tipo de represión por motivos de normativa"
 - "Criación dunha verdadeira especialidade de Galego-Portugués sem dependencia da filoloxía castellana".
 No espazo adicado a meios de comunicación tamen foron obxecto de denuncia a má fala empregada por locutores/as da TVE em Galiza e TVG, com o uso, maioritario, dunha fonética castellana. A irracionalidade da dobraxe das películas portuguesas e brasileiras, como se doutro idioma se tratase. Nos meios de comunicación brillaron a unanimidade en condenar a "Voz de Galicia" pola seu total irresponsabilidade, e desprecio para con a nosa lingua. Houvo outras intervencións e propostas no sentido de fortalecer o uso do galego en todo los meios de comunicación.
- A Administración, foi, quizá, un pouco mais difícil efectivizar a normalización, pois topamo-nos con a Garda Civil, exército e toda unha administración reaccionaria, falta dun minímo interese polo Galego. Houvo outras propostas pontuais, como foi a lida por unha asistente no sentido de desmasculinizar a lingua empregada nos encontros ao que se lle contestou que era intención de face-lo así.


Entre os acordos aprobados destaca o "Manifesto por un acordo necesario", fruto dos serios perxuzos, que provoca a falta da normalización.

Este acordo sintetiza-se em:

- Necesidade do dialogo frente á imposición dentro da liberdade e pluralidade.
- Propon-se e aceita-se unha ortografía non baseada no castellano, que o idioma non sirva de manipulación e unha arma para o poder. Pretendendo convencer e non vencer.
- Rexeita-se: as contraccións "ð", "co", "ca", a realización en "ble" do sufijo latino "bileu".
- Defende-se unha acentuación non tirada do castellano, a separación mediante trazo dos pronomes en posición enclítica.
- Revisión dos grupos cultos.
- Reestruturación dos paradigmas verbais.

Desde a nosa modesta posición entendemos como un avance os encontros; e mui boa disposición das/os asistentes que como nós, "Asociación Cultural" tentamos de transmitir ao maior número de persoas e entidades, que o galego é soporte grande dun povo e unha nación.

X.C.




NA BEIRA DO MINHO

O rapaz: E logo os da beira de alá son más estrangeiros que os de Madrid? (Non se soubo o que lhe respondeu o velho)

Infancia e Educación

"o sentimento da infancia"

- O interese pola infancia reviste actualmente unha intensidade extremamente forte. Os numerosos e importantes traballos encóntrados na psicología do neno atestemúan-no. Ainda que se insista sobre a importancia deste fenómeno, convén, no entanto, sublinhar que non sempre foi asín, e que trata-se dun feito relativamente novo. Antes, os límites das "Idades da vida" non se establecían con tanta exactitude, sobre todo no que respecta ao período da infancia. O conceito ou "sentimento da infancia" comeza efectivamente a desenrolar-se, primeiro nas capas da alta sociedade, a finais do século XVII. Por exemplo, o arte das épocas arcaicas e medievais non conoce a infancia, e non intenta representá-la. Estes homes non se paraván na imaxe da infancia, porque esta etapa non tiña para eles ningún interese, só era considerada como un tempo de transición, do que se perdía mui pronto a lembranza.



Sen dúbida, esta indiferencia hacia a infancia é consecuencia directa e inevitável da demografía de aquelas épocas, onde as condicións de vida son tan pésimas que os/as más fráxiles son os que teñen menos posibilidades de sobreviver. Non é, pois, de extrañar que os índices de mortalidade alcancen as suas máximas cuotas nese período da vida. A idea de selección imperará durante muito tempo no comportamento hacia o neno/a. O pouco caso que se lle fai na vida do recién nascido nas sociedades gregas e romanas é, nese aspeito significativo. O que non nasce vigoroso e resistente non merece viver! tratase dunha selección natural. So os mais aptos, os mellores fisicamente subsisten. Tamen é verdade que os homes substitúian-se con frecuencia na naturaleza. Na Roma antiga, o direito ao infanticidio constituía un dos atributos da potencia paterna. Ainda que a finais do século IV, a lei suprime o direito da vida ou da morte que tiña sobre seus fillos o "pater familia", esta práctica (infanticidio), así como a venda e exposicións de nenos, perdurará durante mucho tempo. Como derradeiro meio, o abandono de nenos/as é frecuentemente utilizado, mesmo no século XVIII e até no curso do XIX. Outro exemplo de indiferencia caracteriza o feito de que, en certas épocas, non se asiste aos funerais dos nenos/as mui xovens, e a miúdo enterra-se-lles no xardín, perto da casa, como se faria no caso dun gato ou can. A fraxilidade que caracteriza a existencia dos nenos/as explica, pois, muitas atitudes. Así, durante mucho tempo o "sentimento da infancia" é inexistente; non se ten conciencia da particularidade infantil. Cando o neno ou nena é pequena ou fráxil, tan só constituye unha fonte de entretenimento superficial. E, pois, un pequeno ser com o que se xoga, sen ningún fin moral ou educativo. Tan só a sua talla lle distingue do adulto, e a miúdo comparte os traballos, as vestimentas e os xogos deste último. Ademais, o neno/a suele ser confiado a estranos para a sua aprendizaxe, sexa cal fora a sua extracción social. Haverá que esperar até finais do XVII para "descubrir" a infancia. A partir dese momento, a mudança nos costumes fai-se patente. →

Ocos

Ocio de...

Na aristocracia e na burguesia acomodada desa época, comeza a repugnar a ideia de mesturar os nenos com os adultos, a educación escolar sustitúe a aprendizaxe directa, a familia organízase de maneira nova ao redor do neno/a, este sae do seu anonimato, e pouco a pouco, toma cada vez mais importancia. Ao mesmo tempo, a extensión das prácticas contraceptivas non son extrañas a reforzar este comportamento. Pode-se falar dunha verdadeira invasión da infancia na sensibilidade dos adultos.

A civilización medieval non se preocupa do neno/a porque esta ignora a educación. Mas, na sociedade moderna, toda a atención é concentrada en torno ao sistema educativo. O nacemento da preocupación pola educación é, pois, un acontecemento importante, característico dos séculos XV, XVI, XVII, é dizer, do principio dos tempos modernos. Asín, sob a influencia dos moralistas e educadores do XVII, comeza a formarse outro "sentimento da infancia", este, sentimento inspirará toda a educación, até o século XX, tanto no campo como na cidade, na burguesía e no povo. O interese pola infancia e a sua particularidade xa non se expresava a traveso do divertimento e da "noñería" ao incrementar-se a preocupación psicolóxica e moral.

Os textos de finais do XVII están cheios de constatacóns psicolóxicas sobre a infancia. O esforzo por penetrar na mentalidade dos nenos/as, a fin de adaptar mellor ao seu nivel os métodos educativos é obvio. Tamén nasce unha grande preocupación pola saude e a hixiene dos nenos/as.

Todo o que toca aos nenos e a familia reviste cada vez mais importancia. Agora conta, no só o futuro do neno, mas tamén a sua presencia e a existencia nua. A modo de conclusión, convén, pois, sublinhar que é esencialmente a traveso dunha clase social, a burguesía, que se encuentra asegurado a pasaxen dun tipo de estructura a outro. As clases populares seguiran o exemplo desta, cuase tres séculos mais tarde, e dizer a finais do XIX e principios do XX. Tamén é verdade que esta evolución desenvolla-se en ocidente, e más particularmente na Europa.

R.S.



2830

"o voltar das vaca-cions"

"ao voltarmos das ferias"

O voltar das vacacións toleci como unha cabuxa. Arrepiábanme os debuxos do gres nas baldosas do chan. Os milleiros de formigas negras e falantes corrían e medraban entre as follas mortas dos libros de historia de España. Pouco a pouco sentín nacer unha profunda aversión por todo o que cheirara a papel con letra impresa. No cuarto triste dun terceiro andar, baixo a luz verde e marea dun semáforo roubado nunha noite de esmorga, rondaban ainda ó meu curón imaxes e verbas mesturadas con polbo e raia rixa⁽¹⁾, con cumbia e rocanrol, con sardiñas assadas e vino a barrer, e ríame as argalladas como se a miña gorxa fora un fiuncho sen saída, un burato baldeiro, unha peiota. Normalmente a noite envolvíame e arropábase. Pasábame o mesmo coa tarde. Pola mañán pechaba os ollos e dormitaba nas clases de "moderna"; soliaba con zopilotes, con el barro y el humo de dos guerras, con el silencio del espacio, con harjarito que levantábase do banco e con loureiro me coroaba, vate inmortal, nas portas do Olimpo. A alegria embargábase e eu, un paxaro que comía papel e tinta, e era un representante da casa BIC e os meus dedos eran bolis que escriven fino e normal, azul e roxo como se non o soupera. Outras mañáns deixaba os meus ollos preto dos de unha hadanela con cara de xoia nun ceo empedrado, e olvidados quedaban alí mentres os timbres zoaban como vento. Saímos das clases como nimbos e chovíamos nas rúas, sempre baixo paraguas. E eu entre eles era algo mais que un litro por metro cuadrado.

A veces un segundo parecíame unha eternidade (sei que non digo nada nov) tan minúscula, tan feita a si mesma que eu, "as veces", creía ser un bote de marmelada ou unha corvícula fosca, según.

O peor de todo foi que o meu mal aumentou a media que pasaban los días. Escriví carta ós periódicos para que as imprimisen e así poder vomitar sobre esas follas corruptas. quería que tramitasen o meu divorcio ca infor-

mación. Suplicáballes que non satinasen o papel pois a merda corría demasiado. En fin, tan so lles pedía que non me voltasen a falar da otán, cando a nosa entraña era segura. Pasei moito medo, de verdade.

O voltar das vacacións toleou como unha cabuxa. Arrepiábanos os debuxos do gres nas baldosas do chan e pouco a pouco sentiu nacer en si unha profunda aversión por todo o que cheirara a papel impreso.

-Sei lá o que ele tem!, dicían os nosos amigos dalén o río.

-Será cousa de pouco tempo, dixeran os achegados.

-Isto é desgoberno dos miolos interiores, anunciou a meiga de Lalín.

-Que me está pasando?, pensou el. Tanto tabaco, e tanta puta cervexa, e a tele todo o día a romperlle a un as pelotas. E o país no kiosko dabaixó, cona, que non falte. E eu a falar daotán, puta otán de cristo, e o celtaquebaixa (isto xa non hai quien on separe); i é que non quero falar da letra impresa...

Normalmente, a noite envolvíaos, arreconchegábase para un lado do cabezal e pousaba a testa en sonhos de medo e frío, e de xeo con letra impresa.

Eu son un paxaro que come papel e tinta e escribe cartas ós xornais para agomitarles por arriba, porque sinto un medo friaxento e seco cando as vexo, pequenas inmudicias curvas, a esbarrar entre un espacio blanco e noxento. E o contido, o que din estas porcas minúsculas ó xuntárense? Merda, ostia! Merda vella!.

Deixaba, outras mañáns, os seus ollos preto dos de hadanela ó baixaren xuntinos polas rúas empedradas da auga milenaria. Que si "estou currando a diós" que si "boeno, tía, vémonos", que si "si" que si "oés, enteiráchete q e..."

(!NUN, OSTIA; ION ME INFORMES! !NON QUERO SABER!!!), o seu rosto alborreaba, raiolas de noxo fendían as

(1) Taban cojonudas!

Vacacións

súas pupilas, lóstregos e porcos inmundos a baterlle nos tímpanos.

-Sí, vale, chao.

Noxo. Noxo. Quero pedi-lo divorcio do mundo, mexo pola informática, cona cájome no progreso e na europa comunitaria, e na puta otán de diola.

Así razonaba, así, así, así razonaba, que yo lo ví. E as vacacións, logo, que tal? Bá, tío, de pútamadre, pútili, porque eu cando estou de vacacións non compro o periódico.

Estiven de camping no puto monte, para dici-la verdade, e ben que estaba. Duro e prata dábame a noite; auga e luz bebia no sol, e, cando, as veces, esta se iba, eu me alumeeaba con un farol. Nin periódico, nin tele nin rollos malos. Que eu, de veras, que non me creo ná.

Eu empecei odiando os periódicos,

pola información que conteñen, que é malísimo. Logo, o meu noxo espallouse a todo xénero de letra impresa, para, más tarde, xeralizarse a editores e promotores de cultura (de información, enténdase) en conxunto. En etapas sucesivas, a miña aversión obsesiva foise extendendo ós meus amigos máis cultos, os que mellor falan e tal (incluíndo neste nutrido grupo a toda cras de "profesores" e calaña similar), ós meus familiares, que sempre me informan de historias que mimportan catro carallos, ó meu can, Ney, que non deixa de informarme con movementos moi significativos de rabo e orellas (quero dicir, mensaxes coma "temo fame", "ai, calejría! "lévame a dar unha voltaña", etc.), en definitiva, o meu odio insuperable (de verdade, estou falando de complicacións gástricas, problemas cardiacos, repercusiones hormoniais), conquistou todo o que, dun xeito ou doutro -debedes saber que os tolos somos son especialistas en fabricar "xeitos"-, contivera información, calquera tipo de signo decodificable nunha mensaxe máis complexa, e así me vai, nunha mensaxe máis complexa, me vai, máis complexa. Eso é.

M.X.CH.

IMAXEN. · historia

* Apunta Victoria Combalia que é no periodo 1917-1924 cando maior responsabilidade alcanza a vanguarda experimental no construtivismo ruso, tanto no deseño coma nos fotomontaxens. Ignorou-se e etiquetou-se repetidamente os movementos vanguardistas, que descoñecendo causas paralelas (a guerra, o grande analfabetismo, etc.) repercutian no maior desenvolvimiento deses movementos.


A proposta dum "Arte para a vida" foi assumida por xentes que romperon esquemas tradicionais, esquemas ideológicos da vella sociedade, (Tatlin, Rodchenko, Popova, Lissitzky, etc.). Rompen asín com a escola de Kadiusky e Malievitch que entendian o arte como realización exclusivamente espiritual, desentendendo-se doutras conotacións sociais. Foi no arte un grande acontecemento a revolución que soubo ollar nel un medio mais de colaboracion, así organizaron-se barcos e comboios decorados polos/as artistas, recorrendo vilas e cidades levando mensaxens de hixiene, sobre agricultura, etc. O boicote dos anos 20 pola coalición de nacións extranjeiras contra Rusia, provocou unha situación de urxente revitalización da arte como apoio, monstrando-se Malakovski como un dos máximos defensores, recollendo as mensaxens simples, de fácil comprensión e cheias de humor, con eslogans de pronta captación e retención.



Alexander Rodchenko:

"A prensa é a nosa arma" 1923

"Exibición rusa" Zurique 1929



El Lissitzky:

ECHOES

acido de ↑

CONTRA-ODE AO PRIMEIRO GOVERNO

DA SEGUNDA LEGISLATURA

... Um céu brando, um inferno escuro,
Um amor morto, um cam,
Umha jarra de cristal
Cantando vai:
Rosa das rosas e mondias redondas,
O Rei Sábio sabia-o cantar.
Virgem Maria, que tudo podedes,
Dade-lhe bicos a Sam Rafael.

Um inferno de chamas negras como neve
Non pode ter existência real.
Cinquenta homes por dez reás
Haberá sempre em Galiza.
Os dous de sempre son Fernández Albor
e Barreiro Rivas.
(Cousas da Vida!)

PARABOLA OU FABULA DO LEOM E A VACA

... Desde pequeninho na selva vivo
e non lhe temo ao rugir do leom
(somos amigos).

Viajando por Europa, non obstante,
non sentia nas ruas o rugir do leom,
onde estavam?

Perguntei e vaia ao zoo,
verá animais e escoitará o rugir do leom,
dixerom.

Mientras conto estas histórias
topo umha cousa melhor que o rugir do leom:
a vaca.

Esqueço este poema e pode
parar de rugir o leom;
melhor um sobre a vaca.


Dou meia volta para ver onde hai vacas
pero nengumha vai nem volta.

Naquela casa um home anda no telhado estragado
e com bos manha as telhas casa:
parece umha vaca.

O único que pudo dizer, portanto, é:

Umha vaca no telhado desta casa
pasta telhas.

2000



HOMOSEXUALIDADE HOMOSEXUAL



Observé-se a posición da man.

Se che gosta, non te prives!


- Se estas liñas servisem para abrir un debate sobre a grande e descoñecida problemática que existe sobre cuestións sexuais, daria por feito o meu propóxito.

Nom hai muito tempo azoutava a reacción contra grupos queis em les illes e na Coruña, estes eran expulsados dos seus habituais centros de encontro. A condición 'homosexual' volvía ser aldraxada. "O grande problema do homosexual, ou do assimilado como homosexual, é precisamente a sua conciencia de diferenciación, rexeitável por un grupo que propugna a validez exclusiva da heterosexualidade". "A cultura establece-se sobre as bases absolutamente incuestionábeis do poder assimilado ao sexo masculino, que devém em rigurosamente patriarcal" (Baldomero Montoya).

A cultura occidental, no seu conxunto, non aceita outras formas de sexualidade que as establecidas, as heterosexistas ainda que é práctica continua de milenarios de persoas de ambos os dous性os, que por motivos de autorrepresión, as maiorías das veces, non querem aceitar a sua condición.

O exército español, no seu articulado sobre "escándalo público y anti-homo" do seu código militar, castiga con penas de arresto maior a práctica de actos sexuais entre os soldados, entre seis meses até varios anos. Por qué é negado un direito como a liberdade para escolher o tipo de relación sexual que a cada un ou unha lle apeteza? As causas haverán que buscalas na ideo-loxia conservadora e reacionaria que pervive en grande parte desta sociedade, ás xentes bem-pensantes, aos homes da dereita, a eses que baixo todos os meios ao seu alcance manteñen unha sociedade machista, discriminadora e individualista.

A liberación sexual pasa polo pleno recoñecemento das liberdades de práctica sexual, pasa pola abolición de todas as leis represoras e anti-sexistas, pasa por unha educación



No idioma grego distingua-se o erastes (membro de maioridade é mais activo dunha parella homoxesual) e o eromenos (membro de menoridade é mais pasivo)

ocós

acife de ↑ ↓

livre, onde as nenas e nenos, persoas maiores, non vexan privados os seus desexos e prácticas sexuais.

Remato cum pequeno texto dum home que na sua época, pola sua condición, sendo un destacado escritor em defesa da liberdade, era botado dos seus traballos, non coñecéndose a sua obra muito tempo depois. "Unha visión rápida, espeitada por

algunha lenda. Dunha masa de obreiros e cocheiros bebendo na taberna ao lado da estufa, demasiado tarde para ser unha noite de inverno, e sentado perto, pasando inadvertido nun recuncho & dun xovem que me quer e ao que eu tamén quero, a chegando-se a míñ calado e sentándose perto para poder estreitar-me a man. Un instante mui longo, no meio de xentes que xuran, das bromas obscenas. Nós os dous alí, satisfeitos, felizes de estar xuntos, falando pouco ou nada". (Walt Whitman).

X.C.



Turlouah O CAROLAN

(1670~1738)



Receita para beber

O Carolan nasceu en Newton, no condado Irlandés de Meath. Desde pequeno xa amostrou aptitudes musicais e aprendeu a tocar a Harpa. Muitas das suas pezas poden-se escoitar nos discos do grupo bretón Chieftains, delas, unha grande parte "planxty", pezas adicadas a algúna persoa ou protector do músico.

D Bm G D G D Bm Em A

D G A Bm D A G D

D Bm G D F#m G A Bm

D A Em F#m Bm F#m Em G

Bm A D G F#m Bm D F#m G D

O VERTERTEDEIRO DE LIXO

+ Só a tres quilómetros do centro da vila, o vertedeiro de Lixo oficial, onde todo-las dias vertem quilos e quilos de materiais que ben podian reciclar-se e devolver-lles o seu primitivo uso ou un novo. Vidrio, metal, plastico, materias inorganicas que contaminan o noso chan.


Unha boa medida seria a de por contenedores para separar o vidrio e ser este aproveitado. Fazer un controlo da contaminación da zona afectada e, independentemente da legalidade ou non do actual estado, proceder a unha limpeza máxima en todo o lugar, e ver a posibilidade de queimar todo o Lixo.

X.C.



OS amos da Praza

+ Entre os obxectivos de unha Asociacion Cultural deve figurar, polo menos neste país, o de conseguir a recuperacion dos topónimos autenticos e dos nomes populares das nossas ruas e prazas E, neste campo, ainda hai muito que loitar. Unhas veces porque as proprias instituciones se negan a colaborar nese traballo, xa ignorando tal necesidade, xa boicoteando-o, xa mesmo incumprindo a lei. Outras veces o problema proven da cantidade de supostos entre os cais eleixer. Este é o caso presente. Porque, como chamar-lle á nosa praza ? "Plaza del General Franco" ? Polo menos esa é a denominación oficial. Ou tal vez Praza da Farola, que é como a conocemos popularmente. Ou Praza Principal ? Tamén hai quen lle chama así. Pois nada. Nen de unha maneira nen da outra, nen tampouco da terceira A nosa proposta é que, vista realidade, se aprove polos señores que rexen a nosa vida municipal, a mudanza do actual nome polo de "Praza da Estradense". Primeiro, porque é darlle ao César o que é do César. Segundo, porque é unha delicia observar as espectaculares manobras do condutor para aparcar o vehículo no meio da Praza. Terceiro, porque nese lugar se producen, cando os autobuses entran, ou cando saen ou simplemente están, atascos como ti non toparas noutra praza nem noutra rua da Estrada. Cuarto, porque ditos autobuses prestan un servizo eficiente, limpo e serio. Ademais de barato. Quinto, porque.. para que seguir ? Acaso non son os apontados méritos suficientes para que, canto antes, se proceda á substitución do rotulo que da nome á Praza ? A que esperan, señores do Concello ? Os usuários e as usuárias seguiremos sofrendo en silencio, cando circulemos co noso coche por ali pasaremos por todas, non importa que nos molesten. Somos parte do espectáculo.



Oce's
acife

LEMBRANZAS ESTRADENSES

AQUEL PRIMEIRO DE MAIO, DO ANO
TANTOS

Ondeaban as bandeiras o lixeiro vento daquel Primeiro de Maio, acompañandose co vendaval de fouces e martelos, que estaban erguendo os brazos traballadores dos festeiros socialistas. En cada solapa había un embrema, un "lacito" e unha esperanza; poida que certo descoñecemento e moitos desexos de poder lograr aquela preconizada "igualdade, liberdade e fraternidade" que xenerosamente se ofrecia. Polas ruas da Estrada había tranquilidade, con un home por aqui e unha muller por acola. E o pregón diario do churreiro:

"-Ahi va Perico con sus churritos..
calentito y rico está
no se puede pedir "má"....!"

O "taxi" de Carbonciño estaba na espera dos clientes, por diante do bar de Ovidio. O "Grampaixe" de Florentino andaba de viaxe co Notario don Balbino. O coche de Brei e o de Carballo, agardaban por Bedelle a chegada dos viaxeiros.

Na fiesta do Casino, comentan os sucesos dous señores asociados. E uns viaxantes no balcón do Hotel "Estrella". Mais abaixo, no "Carballinés", entra e sai forasteiro persoal.

Xaquín toma soles en calquera banco da praza. Unha camareira debruzase na galería do hotel "Elia". Manuelinho descansa na espera da "Estradense" de Santiago. O limpabotas Callobre, canta polo baixo, na sombra policoor da terraza do bar "Mosquera" "Café-bar y Confitería".

Pasa Xesus Bacunca asubiando. Corre o "Barrigas". Pepito Sevilla fala do vindeiro Enterro da Sardina. Cruza un autobús de Urbano. "Ferias, Fiestas y Excusiones". Rascase o "Patulas" de Don Pepe Otero. Os rapaces da escola de Don Jaime repiten: "Obi, Yenisei y Lena". O Perito Rodriguez, pode dar os "buenos días". Na ferretería

"Constenla", teñen as persianas baixas. O letreiro da "Tintorería Madrid": "Limpieza en seco y al vapor". A "Cárcel de Partido". Os melindres de Sanantonino. O carro da "basura". As gaseosas de Pena. Chocolates "San Pelayo". A sombrería "Paris" e o café de Juan Constenla. A fonte de Leicures. As feiras do dia 7, 16, 24 e do deradeiro dia do mes. O San Martiño e o Martes de Pascua. "El Pabellón de la Risa". "Espectáculo culto y moral, propio para familias" e o home que come estopa.

A Xoaquina vende o "AHORA", "EL SOL" e "EL LIBERAL", recen chegados de Madrid, con "frescura" de noticias de fai tres dias. No "Salon Novedades" houbera cine o domingo. Pero na "Casa del Pueblo", 1.928, rua de Pablo Iglesias, siguen ergueitas as bandeiras dos enardecidos, coa ordeña voz de Erundino "O Portabeiro".

"-Estaca, estaca e mais estaca...!"
Don Nicolas vaise camino da eirexa.

"-Arriba los pobres del mundo...!"
O señor Vilarino, Xefe de Municipais, observa os pasos da manifestación.

"-Alcemonos todos unidos...!"

Os foguetes son de Rei de Ribeira.
Seis, dous pesos.

No balcón de "Centro de Emigrados" pendura unha bandeira de Galicia. Mais bandeiras, cantos i estandartes, Carpinteiros, albañiles e mecánicos. Rapaces e curiosos.

Pechando a marcha, a Banda de Música de Orazo interpretaba con marcialidade o "Yo quiero ser torero".

Pola noite, un veciño da Somoza seica tuvera liorta con outro de Pernaviva. Cousas do vino. "Andaba" o neto a tres chicas.

..

X. Porto Matalobos.

2000



De sempre ouvimos e ouve-se falar de unha cidade escurecida polo esquecemento e contaminación, ambalasduas "lixo". Como se de un vidro despois de ser limpado, brilla, commove, transporta, ilusiona, revive, ensena a comprender o pasado e adivirte o presente.

Ruas estreitas ó longo da ria, marxen esquerda. Fachadas que ceiban un berro de resistencia; branco nas paredes e acastanado nas portas e fiestras.

Baixos cheos de vida, a auga atopou a estanqueidade dos quedos; xurde a luz, a cor. Detrás de todo eso as normativizacions, plans de rehabilitación sen chegar ao fondo, funcionalismo travestido.

Luz do neón que camela a noite, sombras, recantos, barullo que xurde de uns sopor-táis. Ah, e un grupo de teatro; axixo e non entendo (non ai nada que entender); só chegacon ver e sentir.



Rubir, baixar e volta a topar coa presa de bruces. Non ai perda, estou de novo na ria, volta atrás e se non para unha banda ou para outra. Ainda non ai aceras, pero de xeito improvisado montaste en ringleiras de tâboas que xunto cas copas e a masa humán que as recorre, fan da ida e da volta unha viaxe en randieira.




Videbarrieta, Teatro, Areal, Kortatu e moitos mais, espello de unha manifestación de xu-bilo e ansia de claridade.

Bilbo debaixo ai luz.

M.B.


ocós
de
ocio

DF
POTENCIAR
O
DEPORTE
VL



••• Xa está bem señor concelleal de deportes, non é nada mau, todo o contrario, é unha actividade educativa e popular e como tal dèxe-se potenciar, non só aportando díñeiro, mais ben escaso aos grupos federados, des- preocupando-se doutros factores como son as instalacions, falta de monitores/as e unha atención especial aos cativos, que ocuparan postos como o que vostede ten nun futuro. Nós entendemos que non é problema exclusivo do concello, son importantes as aportacions das escolas, clubes e Asociacions, que non é menos certo, teñen falta de iniciativas muitas veces. Mas que é o que fai o concello ? Un pequeno exemplo pode ser o ver alguns nenos xogando cando saen do colexió e van aos xardins a xogar, ben ao futebol ou baloncesto, utilizando para este ultimo as papeleiras do lixo, e non porque non saibam a sua función. Os cativos idean en algunas ruas da nosa vila, canastas para xogar. E certo que temos ou teñen un pavillón que en teoría é para que o usen os/as cidadans da Estrada, non só persoas adultas. Insistimos na necesidade de destinar cartos a persoas que manteñan unha actividade educativa e constante.

X.C.M.





2000
↑
g
g
g
g

**OCAOSIBDESCIFRÁ
BELODOTIMENTOS
OU OSINODE**
Moisés Verde

I

«» Nos abismos intrascendentais do trascendente vai un orvallo caindo (tos) en opúsculos pequenos sobre das narigas pesadas dos transeúntes. A lama chega ás orellas dos más altos viandantes, que, collidos de sorpresa, se cagan en sua madre, pero na madre da madre da lama.

¿Até cando aturar esta tristura? ¿Poderei eu viver alén da miseria? Estas preguntas sen resposta facia-se aquél miserábel. O miserábel, un dia, maximando facer cousa fina, pegou na bacenilla que andaba medio tirada polo parqué, a estoupar de andurinhas, donde se elevaban de vagar, barritando coma elefantes adictos á cocaína.

Moisés Verde turrou dà manta levanta que portaba a rastro, tremendo como un tollo. Pasaran xa longos anos dende aquela choivosa serán de outono da que xa falamos. O noxo! que noxo!, Deus, mentres dos seus petos extraía uns patacos para pagar os tabacos que denantes consumira. Amarelas papelas caíndo na tarde gris. As pálebras hinchadas cobrian os seus ollos sangoentos, de tanto chupar petricol e fumar tabaco pataqueiro. Movíase pesadamente pola rúa, a imaxe dun paquidermo; rañaba o chan cos seus fétidos pes facendo os zapatos un marmurio cha-ka-chak, mesto, xordo, ó tempo que levaba tras de si fumaredas de merda, de caca, que o agachaban no máis completo anonimato. Sorriu. Xa o virá. Fernández, aquel cheirento fillo de puta, sollabado de través. Paralisado, cun enigmático aceno, falou-lle moi pesadamente.

-!Coño, Fernández!, marmurou case imperceptiblemente.

-...

-!Que demasiao, eh?

-...

-Xa ves...

-...

-Ha, ha, ha!

-...

-Talogo!

Moisés Verde alonxouse saloucando.


III

Reggae. Palmeiras, ritmo e color. Nejrura. !Vaia peido e tal! Xamaica. O sol cae a chumbo; arde a areia; distinguiase ó longe, relucindo o faro protector na noite tempestosa, a pulida calva do noso suxeito, lea-se Moisés Verde. Falaba a modiño mentres sostiña na man un cóctel de froitos exóticos. Ron Bacardi dá unha notábel nota ao conxunto. O empregado abaneaba o pan deiro mentres fregaba os vasos nese choio, como se chama? o... o...si, ho... o... ñ...o fregadeiro, coño, o fregadeiro.

Mal que o ve, Moisés exclama:

-!Où, que cu ten o taberneiro! ("Quel cultu as!")

E cueso comenzou a tramar o seu plan para envolverao mozo na máis enredada telaraña.



ACAS

4 8
gcfqf9

-Derde luejo, a este chico te dijo que me lo tengo que quilar! Eu vou-mo calzar, así me leve e demo! Og, que volón!

Moisés non sabia que uns ollos de jato o miraban con jarras e colmillos, machicando la carne con los dentes. Moisés Verde sentiu un repelús pola médula e a sua pel ergueu-se en pequenas boliñas pilosas. Ofrecia un espectáculo de primeira. Un marica melancólico é do peor que pode haber no mundo, dixo para si o broncínneo empregado mentres mataba un perros.

IV

Notaba-se á primeira vista unha antiga liorta entre os Verdes e os Crápula, antigos liñaxes, vástagos do más alto berce.

O teléfono retintou no exíguo apartamento do maricón.

-Vai, vai! Si, diga?

Do outro lado do fio, unha voz cavernosa, metálica, xelatinosa, pastosa, vamos, horribel, ruxiu con impresionante aparato eléctrico:

-MACAJONDIOS!!

-É Crápula! !O, Iavé, estou perdido!, exclamou esterrecido o miserábel mariconazo.

-VOU-CHE DAR POLO CU!! A voz de Crápula semellaba ajomitada dos más inconfesábeis recantos do Averno. !MARICON! !BUJARRA BUJARRON! Voltou a ruxir, mentres expelia polo ano unha infame ventosidade putrefacta que algúns ignorantes chaman peido.


Esta noite -seguiu o monstro-, dou unha festa abominábel no meu castelo Abominábel. Haberá Savin, canapés e sangria,-parecia derreterse ao pronunciar esta palabra-, SANGRIA!, HA,HA, HA!, riu maleficamente. AGARDO-TE ESTA NOITE! Clic!

Apenas quedou o xordo zumbido do fono.



M.X.CH.

seguire



Publicación da Asociación Cultural
"A Estrada"

155

000112

1986